

Contas económicas trimestrais de Galicia. Revisión Estatística 2019

Resumo de resultados 31/05/2024

ÍNDICE

Introdución	1
Evolución do Produto Interior Bruto	1
Demanda	2
Oferta	2
Emprego	3
Definicións, fontes e máis información	4

1. Introducción

As [Contas económicas trimestrais](#) son unha estatística de síntese de carácter conxuntural. O seu obxectivo primordial é proporcionar unha descrición cuantitativa e coherente do conxunto da actividade económica galega, mediante a elaboración dun cadro macroeconómico que ofrezca o ritmo de crecemento do PIB galego e das súas compoñentes.

Esta actividade é unha réplica trimestral simplificada das [Contas económicas anuais](#) que, pola súa maior frecuencia de elaboración, permite o seguimento conxuntural da actividade económica. Estas estimacións axústanse aos mesmos principios de coherencia e equilibrio contable que as contas de frecuencia anual e, por conseguinte, ao marco do Sistema Europeo de Contas 2010 (SEC-2010). Pódese dicir que as Contas económicas trimestrais supoñen un compromiso entre o rigor e a amplitude das Contas anuais e a rapidez e oportunidade dos indicadores conxunturais.

As utilidades concretas das Contas económicas trimestrais de Galicia son as seguintes:

- Medir a evolución da economía no tempo de forma continua e coherente.
- Incrementar a calidade do sistema estatístico conxuntural.
- Dado o seu carácter sintético e integrador, identifica carencias, suxire cambios e propón un marco de referencia común, susceptible de utilización por estatísticas dispares.
- Permite estimar modelos econométricos trimestrais, útiles na análise de políticas económicas e na previsión.

2. Evolución do Produto Interior Bruto

O **Produto Interior Bruto (PIB)** xerado pola economía galega, medido en termos de volume encadeado e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario, rexistra unha **variación interanual** do **2 %** no primeiro trimestre do 2024. A **variación intertrimestral** do PIB sitúase no **1,3 %**.

Produto Interior Bruto (PIB) a prezos de mercado. Volume encadeado referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario. Taxas de variación

Unidade: porcentaxe

Dato	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
Taxa de variación trimestre anterior	1,2	0,0	-0,3	0,9	1,3
Taxa de variación interanual	3,2	1,6	0,9	1,8	2,0

3. Demanda

No primeiro trimestre do 2024 o gasto en consumo final aumenta un 1,4% e a formación bruta de capital diminúe un 1,3%.

As exportacións de bens e servizos presentan unha taxa interanual do 0,4% e as importacións do -1,6%.


Compoñentes do PIB pola vía da demanda. Volume encadeado referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario

Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Compoñentes	2024/I
Gasto en consumo final	1,4
Gasto dos fogares e ISFLSF	0,4
Gastos das AA.PP.	4,1
Formación bruta de capital	-1,3
Exportación de bens e servizos	0,4
Importación de bens e servizos	-1,6

Achega da demanda exterior e da demanda interna ao crecemento do PIB



4. Oferta

O valor engadido bruto das **ramas primarias** no primeiro trimestre de 2024 rexista unha taxa de variación interanual do **-4,6%**. Pola súa parte, o valor engadido bruto da **industria** varía un **3,2%** e o do sector da **construción** un **2,1%**. O sector **servizos** rexista unha taxa do **2,2%**.


Compoñentes do PIB pola vía da oferta. Volume encadeado referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario

Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Compoñentes	2024/I
VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-4,6
VEB. Industria	3,2
VEB. Industria manufacturera	0,6
VEB. Construción	2,1
VEB. Servizos	2,2
VEB. Comercio, transporte e hostalería	2,4
VEB. Información e comunicacións	10,2
VEB. Actividades financeiras e de seguros	0,3
VEB. Actividades inmobiliarias	1,2
VEB. Actividades profesionais	3,2
VEB. Administración pública, sanidade e educación	2,4
VEB. Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,7
Impostos netos sobre os produtos	0,1

Evolución do valor engadido bruto por sectores



5. Emprego

Os postos de traballo equivalentes a tempo completo, definidos como o número de horas traballadas entre a xornada media realizada en postos de traballo a tempo completo, aumentan un 1,7% con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Postos de traballo equivalentes a tempo completo e horas efectivas. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe

Poboación	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
Postos de traballo equivalentes a tempo completo	1,6	2,1	2,4	1,6	1,7
Horas traballadas	0,5	2,6	1,7	1,0	1,5

As horas traballadas aumentan un 1,5% en taxa interanual.

6. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Máis información:

- Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2019. Oferta, demanda e rendas
- Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2019. Emprego
- Contas económicas trimestrais. Revisión Estatística 2019. Indicadores derivados
- Principais indicadores económicos de Galicia
- Matriz de revisións das taxas de variación do Produto Interior Bruto